

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	Comunidade Freak.		
ETAPA:	PRIMARIA.	NIVEL:	2º EP.
ÁREAS:	Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais., Educación Plástica e Visual.	PROFESORADO:	Miguel Hernández.
DESCRIPCIÓN:			
<p><i>Comunidade Freak</i> é unha tarefa que se estende durante todo o curso no que o alumnado convértese en auténticos <i>cosmakers</i> e <i>cosplayers</i>, xastres e actores/actrices que crean as súas propias vestimentas e representacións de personaxes ficticios inspirados, na maioría de ocasións, en aspectos da cultura do cómic, cine ou videoxogos. Esta primeira fase céntrase no deseño da vestimenta, acercamento a costura e patronaxe, así como a personalidade dos personaxes que están xerando. Todo iso moi impregnado da cultura da cooperación e toma de decisións en equipo.</p>			
XUSTIFICACIÓN:			
<p>Cada equipo elabora un/unha personaxe, dende unha fase inicial en formato papel que avanza dende deseños preestablecidos ata outros onde se diseña con papel cebola e outros elementos creacións personalizadas en cada un deles. A toma de decisión, as funcións dos cargos e estruturas en Aprendizaxe Cooperativo fan desta unha oportunidade idónea para fomentar o diálogo e a participación na que todo o equipo se ten que ver representado e validado. A iniciación a costura, ademais das destrezas motoras finas postas en acción, acérganos a organización espacial en plano ou a secuencia de patróns concretos, así como o valor desta representación cultural. Traballamos coa cinta métrica e a regra medicións en escala e no propio corpo do alumando, rexistrando e cotexando datos, establecendo conexións da área de Matemáticas coa vida real, conectando máis concretamente co patronaxe propio do deseño de moda, traballando medidas, sumas ou simetrías. Todo isto co fondo do uso da lingua galega para expresarnos, de xeito oral, en asembleas e contextos de equipo, e escrito na redacción dos primeiros aspectos da personalidade e historia dos personaxes creados.</p>			
CONTEXTO:			
<p>A actividade realízase no contexto de biblioteca, fomentando a versatilidade do espazo con traballo en mesa, de pé, ou en formato asemblea na bancada que alí se encontra.</p>			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>S1. Vemos un vídeo no que se explica a tarefa que vamos a realizar ao longo do curso.</p> <p>Vemos vídeo no que se explica que é un <i>Cosmaker e Cosplayer</i> e falamos da etioloxía dos termos.</p> <p>Repartimos cargos: Coordinador, axudante, portavoz.</p>	<p>CE1.2. <i>Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.</i></p> <p>CA2.5. <i>Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.</i></p>	<p>Observación sistemática.</p>
<p>S1. Esquema partes do corpo. Estrutura folio xiratorio (Aprendizaxe Cooperativo). Dinamízanse os cargos.</p> <p>Asemblea: contrástase a información recollida no esquema.</p>	<p>CE1.4. <i>Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.</i></p> <p>CE2.4. <i>Coñecer as principais partes do corpo.</i></p> <p>CE1.5. <i>Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos o seu entorno, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.</i></p> <p>CA2.5. <i>Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.</i></p> <p>CA2.5. <i>Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.</i></p> <p>CA3.2. <i>Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave</i></p> <p>CA6.1. <i>Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.</i></p>	<p>Observación sistemática.</p> <p>Rúbrica.</p>

<p>S1. Recortable boneco de papel: se lles entregan o recortable en nun tempo estimado teñen que presentar un prototipo, xa sexa coa roupa xa deseñada, ou creando a súa propia coas plantillas para colorear.</p> <p>Dinamízanse os cargos.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>CE1.5. Establecer acuerdos de forma dialógica y democrática como parte de grupos próximos a su entorno, identificando las responsabilidades individuales y empleando un lenguaje inclusiva y no violenta.</p> <p>CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <p>CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA2.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.</p> <p>CA2.1. Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p>	<p>Observación sistemática. Rúbrica.</p>
<p>S2. Deseño con papel cebola:</p> <p>Asemblea: Explicamos o transcurso da sesión. Amosamos como utilizar o papel cebola coa silueta do corpo.</p> <p>Traballo en mesa 1: reciben diversas infografías para recoller inspiración para o seu propio deseño. 5-10 min. Toma de decisións.</p>	<p>CA1.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.</p> <p>CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.</p>	<p>Observación sistemática.</p>

<p>S2. Traballo en mesa 2: coa silueta do corpo espido (en cartolina) collen anacos de papel cebola para calcar encima e facer novas pezas de vestir para este. Despois fan estas pezas en papel e colorean ou utilizan folios de cores.</p> <p>Asemblea: pechamos a sesión coa presentación dos prototipos por parte dos/das portavoces.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>CE2.2. Reconocer conexiones sencillas y directas entre diferentes elementos del medio natural, social y cultural por medio de la observación, la manipulación y la experimentación.</p> <p>CA2.1. Producir obras propias de manera guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <p>CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance</p> <p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.</p> <p>CA2.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.</p> <p>CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p> <p>CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.</p> <p>CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.</p> <p>CA2.1. Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p>	<p>Observación sistemática. Rúbrica.</p>
<p>S2. Traballo de ampliación: plantilla para xerar narrativa do personaxe: poderes, motivo da roupa, debilidades, etc.</p>	<p>CA3.7. Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.</p> <p>CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>Observación sistemática.</p>

<p>S3. Costura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asemblea: explicamos o transcurso da sesión e contextualizamos novamente os termos de <i>cosplayer</i> e <i>cosmaker</i> e o vinculamos co oficio de xastre, modelo, etc. - Iniciación a costura: traballamos con fío, tela, agulla e botóns para crear a nosa carteira. Traballamos cun estilo concreto de puntada, de carácter sinxelo, e aprendemos a mecánica, establecendo liña recta e secuencia de pasos. 	<p>CE4.1. Mostrar actitudes de respecto ante el patrimonio natural y cultural, reconociéndolo como un bien común.</p> <p>CA2.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.</p> <p>CA3.3. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.</p>	<p>Observación sistemática. Lista de cotexo.</p>
<p>S4. Iniciación o patronaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cubrimos un rexistro tomando medidas con cinta métrica tanto en formato maniquí (30 cm) como nas propias medidas do corpo do alumando. Ancho e longo. Sumamos nas medidas para elaborar o patrón en formato maniquí. - Asemblea: compartimos en grupo as medidas tomadas e facemos comparativas. - Achegámonos a realización de patrón para os nosos maniquís con papel de estraza. Aplicamos medidas. Simetrías. 	<p>CE1.4. Participar en experimentos pautados o guiados, cuando la investigación lo requiera, utilizando diferentes técnicas sencillas de investigación, empleando de forma segura instrumentos y registrando las observaciones de forma clara.</p> <p>CA1.9. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.</p> <p>CA2.1. Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p> <p>CA2.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.</p> <p>CA2.7. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.</p> <p>CA3.3. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.</p>	<p>Observación sistemática. Rúbrica.</p>
<p>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</p>		

- Uso de instrumentos para realizar observaciones y mediciones sencillas registrando los datos obtenidos.
- Elaboración guiada de textos básicos, murales, paneles, esquemas o presentaciones para recoger conclusiones.
- Identificación y descripción de las partes del cuerpo humano.
- Procedimientos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.
- Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.
- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Xénero discursivo (Expresión Oral, EO): Elementos básicos de contido (tema, léxico). – Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. – Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.
- Procesos, comprensión oral: – Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. – Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos, produción oral: – Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. – Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. – Interese por expresarse en galego.
- Contexto (Expresión Escrita, EE) – Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega. – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Procesos produción escrita.– Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.. – Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Magnitude. – Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (**lonxitude**), mediante a observación da realidade próxima. – Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (**metro, centímetro**) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Medicións: Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (**regras, cintas métricas**) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións: Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas.
- Localización e sistemas de representación: Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica. – Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido. – Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físiconatural, os xogos e planos do seu contexto próximo.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
-------------	-------------	-------------	-------------	-------------

<p>S1. Vemos un vídeo no que se explica a tarefa que vamos a realizar ao longo do curso.</p> <p>Vemos vídeo no que se explica que é un <i>Cosmaker e Cosplayer</i> e falamos da etioloxía dos termos.</p> <p>Repartimos cargos: Coordinador, axudante, portavoz.</p>	<p>Vídeo de presentación da tarefa. https://www.youtube.com/watch?v=xGmpjKfwm6E</p> <p>Vídeo de explicación de termos <i>cosplayer e cosmaker</i>. https://www.youtube.com/watch?v=OTPbjDz-yXY</p>	<p>Aclaremos termos, orixe e dúbidas. ¿Qué personaxes de ficción coñeces? Chuvia de ideas.</p>	<p>Repartimos cargos e cobren caderno de equipo cos mesmos.</p>	
<p>S1. Esquema partes do corpo. Estrutura folio xiratorio (Aprendizaxe Cooperativo). Dinamízanse os cargos.</p> <p>Asemblea: contrástase a información recollida no esquema.</p>	<p>Entrégase material aos/as coordinadores/as de equipo e explícase como organizar o equipo. Amósase como repartir o material, cortando anacos para que os membros do equipo recorten as palabras e así todas estean colaborando ao mesmo tempo.</p>	<p>Cada membro debe recortar as palabras asignadas dende a coordinación do equipo e deixalas no centro da mesa.</p>	<p>Estrutura de folio xiratorio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Collo unha palabra do centro da mesa. - Penso onde colocala. - Coloco a palabra. - O equipo confirma, completa e/ou corrixe. 	<p>Finalmente, unha vez corrixida polo docente, pegan as palabras.</p>
<p>S1. Recortable boneco de papel: se lles entregan o recortable en nun tempo estimado teñen que presentar un prototipo, xa sexa coa roupa xa deseñada, ou creando a súa propia coas plantillas para colorear.</p> <p>Dinamízanse os cargos.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>Entrégase material aos/as coordinadores/as de equipo e explícase como organizar o equipo. Amósase como repartir o material. Primeiramente a coordinación elixe quen cortará o boneco en cartolina. Cada membro do equipo elixe unha das pezas de roupa (son deseños xa creados e coloreados), a coordinación entrégalle dita peza e o membro do equipo a recorta pola contorna para que encaixe no boneco.</p>	<p>Fan probas coas roupas recortadas e toman decisións sobre o deseño que elixen como primeira vestimenta. Coméntanse estratexias como defender as ideas, mesturalas, enriquecelas, etc. Votacións 3,2,1 cando se enquista a toma de decisións.</p>	<p>Entrégaselle o material onde as pezas de roupa están deseñadas pero sen colorear. Repetimos a secuencia para a toma de decisións e enriquecemento de ideas.</p>	<p>Finalizado o deseño, o/a portavoz explica e presenta en formato asemblea.</p> <p>Diana de avaliación: falamos dos 4 compoñentes da diana e modelamos o diálogo dende asemblea.</p>

<p>S2. Deseño con papel cebola:</p> <p>Asemblea: Explicamos o transcurso da sesión.</p> <p>Amosamos como utilizar o papel cebola coa silueta do corpo.</p> <p>Traballo en mesa 1: reciben diversas infografías para recoller inspiración para o seu propio deseño. 5-10 min. Toma de decisións.</p>	<p>En formato asemblea explicamos o uso do papel cebola cos bonecos de cartolina utilizados na secuencia anterior.</p>	<p>Entregamos a coordinación de cada equipo o material, e esta o leva para a mesa. Trátanse de infografías con deseños de personxes de <i>Dragon Ball</i>, <i>Pokemon</i> e <i>Marvel Cómics</i>. O obxectivo é que dialoguen e busquen inspiración para os seus deseños.</p>		
<p>S2. Traballo en mesa 2: coa silueta do corpo espido (en cartolina) collen anacos de papel cebola para calcar encima e facer novas pezas de vestir para este. Despois fan estas pezas en papel e colorean ou utilizan folios de cores.</p> <p>Asemblea: pechamos a sesión coa presentación dos prototipos por parte dos/das portavoces.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>Entrégase a coordinación os materiais precisos para a realización da tarefa, nunha fase inicial; concretamente o papel cebola e dous siluetas do boneco en formato de papel, para poder calcar as roupas.</p> <p>A coordinación debe facer que tódolos membros estean facendo prendas ou elementos do seu personaxe.</p>	<p>Recortan as pezas en papel cebola e xeran a silueta en papel. Decoran e recortan para vestir o boneco en cartolina.</p> <p>Clave a toma de decisións neste momento.</p> <p>Iníciáanse conversacións sobre o nome e características do personaxe.</p>	<p>O/A portavoz presenta en asemblea o personaxe e fala sobre o proceso de elaboración da mesma.</p>	<p>Diana de avaliación: falamos dos 4 compoñentes da diana e modelamos o diálogo dende asemblea. Cobren a diana nas mesas de traballo por equipos.</p>

<p>S2. Traballo de ampliación: plantilla para xerar narrativa do personaxe: poderes, motivo da roupa, debilidades, etc.</p>	<p>Plantilla na que aparecen diversos aspectos a completar sobre o personaxe creado (Nome, Os meus súper-poderes son, Elexín este traxe porque Consegúin os meus superpoderes, A miña debilidade secreta é, Debuxo)</p> <p>Estrutura de <i>Folio xiratorio por parellas</i>. Cada parella se lle asigna unha parte do contido. Despois rotan e completan a outra parte. Deben corrixir as faltas de ortografía e expresión que consideren.</p>	<p>Unha vez corrixidas polo docente deben escribir unha soa plantilla, xa en limpo, elixindo ou mesturando as súas ideas.</p>	<p>Estrutura de <i>Folio xiratorio</i> para a elaboración e decoración do debuxo.</p>	<p>En formato asemblea, o/a portavoz presenta e lee a narrativa sobre o seu personaxe</p>
<p>S3. Costura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asemblea: explicamos o transcurso da sesión e contextualizamos novamente os termos de <i>cosplayer e cosmaker</i> e o vinculamos co oficio de xastre, modelo, etc. - Iniciación a costura: traballamos con fío, tela, agulla e botóns para crear a nosa carteira. Traballamos cun estilo concreto de puntada, de carácter sinxelo, e aprendemos a mecánica, establecendo liña recta e secuencia de pasos. 	<p>En formato asemblea aclaramos vocabulario de uso na sesión, como fío, agulla, dedal, liña, nó etc.</p> <p>Explicamos cun anaco de papel e un fío de contraste cal é o tipo de puntada que imos a utilizar.</p> <p>O produto final será una carteira pequena con botón.</p>	<p>Secuenciamos ben os pasos. Entregamos agulla, fío e dedal e pedímoslle que procuren enfiar a agulla. Unha vez conseguido e realizado o nó, entregamos a tea e pedímoslle que marquen o eixo de simetría na mesma.</p>	<p>Comezamos a coser paso a paso. Marcamos o comezo e acompañamos a tarefa paso a paso.</p>	<p>Finalmente colocamos os botóns de presión.</p>

<p>S4. Iniciación o patronaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cubrimos un rexistro tomando medidas con cinta métrica tanto en formato maniquí (30 cm) como nas propias medidas do corpo do alumando. Ancho e longo. Sumamos nas medidas para elaborar o patrón en formato maniquí. - Asemblea: compartimos en grupo as medidas tomadas e facemos comparativas. - Achegámonos a realización de patrón para os nosos maniquís con papel de estraza. Aplicamos medidas. Simetrías. 	<p>En formato asemblea amosamos o uso da cinta métrica, comparándoa cunha regra, así como os seus usos.</p> <p>Amosamos como utilízala para medir o ancho e longo de diferentes elementos, entre eles un pequeno maniquí e no propio corpo dun/dunha alumno/a.</p>	<p>Entrégase rexistro e colócase ao alumnado por parellas dentro dos equipos. Unha realizará as medicións no corpo do compañeiro e outra parella sobre o maniquí. Cubrirán o rexistro en función do tipo de roupa que teñen no seu deseño.</p> <p>En formato asemblea compararemos as medidas e estableceremos conexións entre elas, entre outros aspectos, a variabilidade de medidas do corpo humano.</p>	<p>Acercamento ao patronaxe: Con papel de <i>estraza</i> elaboraremos as prendas para o maniquí.</p> <p>Sumaremos a cada medida do rexistro do maniquí 3 cm e realizaremos prendas utilizando simetrías e valorando o longo e ancho das mesmas.</p>	<p>En formato asemblea, exploraremos os seus acercamentos e amosarán o traballo realizado.</p>
--	--	---	---	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>S1. Vemos un vídeo no que se explica a tarefa que vamos a realizar ao longo do curso.</p> <p>Vemos vídeo no que se explica que é un <i>Cosmaker e Cosplayer</i> e falamos da etioloxía dos termos.</p> <p>Repartimos cargos: Coordinador, axudante, portavoz.</p>	Biblioteca. Bancada de asemblea e pantalla dixital.	Gran grupo, sentados por equipos.	Pantalla dixital e vídeos aloxados en Youtube.	20 min.
<p>S1. Esquema partes do corpo. Estrutura folio xiratorio (Aprendizaxe Cooperativo). Dinamízanse os cargos.</p> <p>Asemblea: contrástase a información recollida no esquema.</p>	Biblioteca. Mesas de traballo.	Equipos.	Plantilla recortable de partes do corpo. Tesoiras e pegamento.	30 min.

<p>S1. Recortable boneco de papel: se lles entregan o recortable en nun tempo estimado teñen que presentar un prototipo, xa sexa coa roupa xa deseñada, ou creando a súa propia coas plantillas para colorear.</p> <p>Dinamízanse os cargos.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>Biblioteca. Mesas de traballo e bancada de asemblea.</p>	<p>Equipos.</p>	<p>Recortables de prendas preestablecidas. Prendas con deseño preestablecido sen colorear.</p> <p>Ceras, rotuladores. Tesoiras. Lapis e goma.</p> <p>Plantila diana de autoavaliación.</p>	<p>70 min.</p>
<p>S2. Deseño con papel cebola:</p> <p>Asemblea: Explicamos o transcurso da sesión.</p> <p>Amosamos como utilizar o papel cebola coa silueta do corpo.</p> <p>Traballo en mesa 1: reciben diversas infografías para recoller inspiración para o seu propio deseño. 5-10 min. Toma de decisións.</p>	<p>Biblioteca: bancada de asemblea e mesas de traballo.</p>	<p>Gran grupo – Equipos.</p>	<p>Infografías: panel <i>Marvel</i>, <i>Pokemon</i> e <i>Dragon Ball</i>.</p> <p>Pequenas imaxes coas vestimentas de personaxes de Marvel de fronte, perfil e traseiras.</p>	<p>30 min.</p>

<p>S2. Traballo en mesa 2: coa silueta do corpo espido (en cartolina) collen anacos de papel cebola para calcar encima e facer novas pezas de vestir para este. Despois fan estas pezas en papel e colorean ou utilizan folios de cores.</p> <p>Asemblea: pechamos a sesión coa presentación dos prototipos por parte dos/das portavoces.</p> <p>Diana de autoavaliación de equipo.</p>	<p>Biblioteca. Mesas de traballo.</p>	<p>Equipos.</p>	<p>Papel cebola, lapis, goma, ceras e lapis de cores, folios e tesoiras.</p>	<p>90 min.</p>
<p>S2. Traballo de ampliación: plantilla para xerar narrativa do personaxe: poderes, motivo da roupa, debilidades, etc.</p>	<p>Biblioteca. Mesas de traballo.</p>	<p>Equipos: Parellas – Grupo.</p>	<p>Plantilla narrativa, lapis, goma.</p>	<p>20-30 min.</p>

<p>S3. Costura:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asemblea: explicamos o transcurso da sesión e contextualizamos novamente os termos de <i>cosplayer e cosmaker</i> e o vinculamos co oficio de xastre, modelo, etc. - Iniciación a costura: traballamos con fío, tela, agulla e botóns para crear a nosa carteira. Traballamos cun estilo concreto de puntada, de carácter sinxelo, e aprendemos a mecánica, establecendo liña recta e secuencia de pasos. 	<p>Biblioteca. Bancadas de asemblea. Mesas de traballo dispostas en forma de "U".</p>	<p>Individual.</p>	<p>Teas, agulla, fío, dedais, tesoiras, botóns de presión e máquina para colocalos.</p>	<p>120 min.</p>
--	---	--------------------	---	-----------------

<p>S4. Iniciación o patronaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cubrimos un rexistro tomando medidas con cinta métrica tanto en formato maniquí (30 cm) como nas propias medidas do corpo do alumando. Ancho e longo. Sumamos nas medidas para elaborar o patrón en formato maniquí. - Asemblea: compartimos en grupo as medidas tomadas e facemos comparativas. - Achegámonos a realización de patrón para os nosos maniquís con papel de <i>estraza</i>. Aplicamos medidas. Simetrías. 	<p>Biblioteca. Bancadas de asemblea, mesas de traballo e espazos da biblioteca para o traballo de pé.</p>	<p>Gran grupo, parellas, equipo.</p>	<p>Regras, cintas métricas, maniquís, rexistro, lapis, goma, papel de <i>estraza</i>.</p>	<p>120 min.</p>
---	---	--------------------------------------	---	-----------------

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	Observación sistemática. Rúbrica. Lista de cotexo.	Reunión co equipo docente. Contrastar datos recollidos.
PRÁCTICA DOCENTE	Lista de cotexo.	Reunión co equipo docente. Contrastar datos recollidos.
DESEÑO DA TAREFA	Lista de cotexo.	Reunión co equipo docente. Contrastar datos recollidos.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:

Rubrica de autoavaliación docente:

https://docs.google.com/document/d/15NpAD27Pqpf8n5YEWcciCTK3MmQVt_Ljt1JhlbaLKRC/edit?usp=share_link

Lista cotexo:

https://docs.google.com/document/d/1nt5Z-5LMRc_EzmeR36B2jFUjcMaqZOv01Px37V560bQ/edit?usp=share_link

Rubrica ámbito:

https://docs.google.com/document/d/1OZZLMg6WMXcJ70Zogkygz8cyOm8Co1yl/edit?usp=share_link&oid=117493785318461292596&rtpof=true&sd=true

Ferramentas de auto/coavaliación:

<https://drive.google.com/file/d/1wTjHFCIVK7IRvVmNJ-l-oLqHQO09k0r1/view?usp=sharing>

<https://drive.google.com/file/d/1iL-zm1eHYhwAxrrvDzNTcZ2F1gPRP9SI/view?usp=sharing>

